



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

CERTIFICACIÓN

Ricardo Garrido Caneda, secretario-interventor do CONCELLO DE VAL DO DUBRA, agás erro ou omisión involuntaria, CERTIFICO.

Que a Sesión Ordinaria de Pleno deste concello, que tivo lugar o día 16 de xullo de 2026, adoptou, entre outros, o acordo que transcribo literalmente:

6.- 2026/T004/000002. MODIFICACIÓN DA BASE NÚM. 25.2 DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2026, PRORROGADO DO EXERCICIO 2024 (SUBVENCÍONS NOMINATIVAS).

O Sr. alcalde procede a dar conta da proposición da Alcaldía, asinada con data do 30.06.2026, e ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de asuntos ao Pleno de data 13.07.2026, do teor literal seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDIA Ó PLENO

Procedemento	MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. BASE 25.2
Asunto	Proposta ao Pleno de modificación da base núm. 25.2 do orzamento municipal para 2026, prorrogado do exercicio 2024 (subvencións nominativas)
Expediente	2026/T004/000002

ANTECEDENTES:

O concello de Val do Dubra recolle na Base do orzamento municipal, baixo a rúbrica de SUBVENCÍONS NOMINATIVAS PARA O EXERCICIO 2024 e prorrogado do exercicio 2024 para o presente exercicio (resolución da alcaldía 02/2026, do 09.01.2026), as subvencións que o Concello pretendía conceder con arranxo ao establecido no artigo 22.2.a) da Lei Xeral de Subvencións.

Propónse a previsión dunha subvención nominativa ás entidades sinaladas pola realización de actividades de interese xeral e/ou utilidade pública E isto por entender que as indicadas entidades, coa realización das actividades que lle son propias e inherentes, e que serían obxecto de subvención, estarían contribuíndo de forma evidente e efectiva á satisfacción “das necesidades e aspiracións da comunidade veciñal” consonte ao previsto no artigo 25.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, así como á consecución dos intereses xerais municipais. En particular, a concesión destas subvencións ás entidades sinaladas viría xustificada polos seguintes motivos:

1. Subvencións a Asociacións de Pais e Nais de alumnos

A finalidade da subvención é a promoción das actividades levadas a cabo pola Asociacións de Pais e Nais existentes nos centros educativos do Concello de Val do Dubra.

As actividades destas asociacións, que son as únicas no Concello, contribúen ao enriquecemento da formación da poboación escolar, a través de actividades



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

complementarias ás da formación regradada, a promoción da convivencia dentro da comunidade escolar e a acadar un mellor rendemento dos alumnos.

- Asociación de pais e nais de Bembibre
- Asociación de pais e nais de Portomouro

2. Subvencións á promoción do deporte e á práctica deportiva e defensa e promoción do medioambiente.

O artigo 43 da Constitución de 1978 dispón que os poderes públicos fomentarán a educación física e o deporte e facilitarán a adecuada utilización do ocio.

En relación con este mandato, a Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia atribúe ao municipio una serie de competencias en materia de deporte:

- o fomento, promoción e difusión do deporte, especialmente en idade escolar.
- Promover e no seu caso executar, no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte mediante a coordinación, entre outros, con asociacións deportivas.
- Fomentar e apoiar a creación de asociacións deportivas no seu ámbito territorial, especialmente nos centros de ensino, barrios e centros de traballo.

Deste xeito, as entidades que se indican a continuación contribúen, mediante as actividades desenvolvidas polas mesmas de xeito continuado, á promoción do deporte e da práctica deportiva, a ocupación do tempo libre e o fomento de hábitos saudables da poboación municipal, incluída a protección do medioambiente xunto coa súa contribución á posta en valor e proxección externa do noso municipio:

- Asociación Local de Medioambiente e caza de Val do Dubra
- Sociedade Deportiva Dubra
- Clube de fútbol veteranos de Portomouro
- Agrupación Deportiva Dubratambre
- Asociación Kárate Val do Dubra
- Dubra Team
- Clube de Xadrez de Val do Dubra
- Clube de Petanca.
- Motoclub de Val do Dubra
- Vento libre
- Non ao vertedoiro de Niveiro

3. Inclusión social e atención á diversidade

Pola súa parte, a Constitución de 1978 tamén encomenda ao poderes públicos a



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

realización de políticas de integración das persoas con discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas a fin de amparalos especialmente para o desfrute dos dereitos recoñecidos no Título I da Constitución a todos os cidadáns, sen esquecer o dereito básico á igualdade de todos os cidadáns recollido no artigo 14 da Carta Magna.

Neste ámbito, a asociación á que se propón a concesión desenvolve actividades dirixidas á inclusión social e, singularmente, no ámbito da integración e apoio integral ás persoas con diversidade funcional. Trátase dunha asociación que conta cun grande arraigo local desde a súa fundación en 1982, sendo referencia no municipio no apoio ás persoas con discapacidade así como aos seus familiares.

- Avante

4. Culturais

Nun ámbito rural son de capital importancia as actividades que conlevan a unión do desenvolvemento e promoción cultural co asociacionismo de mulleres. A actividade desta entidade contribúe ao desenvolvemento e vertebración da poboación no medio rural e nas parroquias, o intercambio cultural, o desenvolvemento de ofertas formativas contínuas e a conservación da identidade rural, xunto coa contribución efectiva en materia de igualdade.

- Asociación de Mulleres Rurais

Tendo en conta o anterior faise necesario modificar as bases de execución do exercicio 2024, prorrogado para o exercicio 2026, para recoller as subvencións indicadas.

Visto o informe de intervención accidental de data 30.06.2026 en sentido favorable.
E tendo en conta que as bases de execución do orzamento do orzamento 2024, prorrogado para o presente exercicio 2026, son as que se describen a continuación:

(...)

BENEFICIARIO/A		OBXECTO	IMPORTE	APLICACION ORZAMENTARI A
Asociación de Pais e nais de Bebíbel	G15065774	Pola realización de actividades dos exercicios 2023-2024	3.200,00 €	334.48000
Asociacións de pais e nais de Portomouro	G15068737	Pola realización de actividades dos exercicios 2023-2024	1.600,00 €	334.48000
Asociación Local de Mediambiente e Caza de Val do Dubra	G15365091	Pola realización de actividades dos exercicios 2023-2024	6.000,00 €	341.48000
Sociedade Deportiva Dubra	G15218795	Realización de actividades deportivas e de	40.000,00 €	341.48000



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

		<i>promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2023-2024</i>		
<i>Clube de Fútbol veteranos Portomouro</i>	<i>G15357650</i>	<i>Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2024</i>	<i>800,00 €</i>	<i>341.48000</i>
<i>Agrupación Deportiva Dubratambre</i>	<i>G15134034</i>	<i>Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2023-2024</i>	<i>2.000,00 €</i>	<i>341.48000</i>
<i>Asociación Karate Val do Dubra</i>	<i>G70426069</i>	<i>Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2023-2024</i>	<i>2.000,00 €</i>	<i>341.48000</i>
<i>Dubra Team</i>	<i>G70131917</i>	<i>Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2024</i>	<i>800,00 €</i>	<i>341.48000</i>
<i>Clube de Xadrez de Val do Dubra</i>	<i>G70502638</i>	<i>Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2023-2024</i>	<i>1.600,00 €</i>	<i>341.48000</i>
<i>Clube de Petanca</i>	<i>G70604988</i>	<i>Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos</i>	<i>1.000,00 €</i>	<i>341.48000</i>



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

		exercicios 2023-2024		
Avante	G15052442	Realización de actividades no ámbito da integración das persoas con diversidade funcional dos exercicios 2023-2024	3.000,00 €	439.48000
Moto Club Val do Dubra	G15892904	Realización de actividades no ámbito da dinamización socioeconómica do Concello do exercicio 2024	500,00 €	439.48000
Asociación de Mulleres Rurais	G15415763	Realización de actividades no ámbito da dinamización socioeconómica do Concello dos exercicios 2023-2024	2.000,00 €	439.48000
Vento Libre		Realización de actividades medioambientais no exercicio 2024	1.500,00 €	171.48000
Non ao vertedoiro de Niveiro		Realización de actividades medioambientais no exercicio 2024	1.500,00 €	171.48000

(...)

Esta Alcaldía propón ao Pleno municipal, a través da modificación das bases do orzamento para o exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2024, previo ditame da comisión informativa de Asuntos do Pleno, a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro. Modificar a base número 25.2 de execución do orzamento municipal do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2024, (resolución da alcaldía 02/2026 do 09.01.2026), para modificala cuantía das subvencións nominativas seguintes, por referirse a unha única anualidade, quedando redactado como segue:

(...) Base 25.2. Procedemento de concesión directa: subvencións nominativas.

Son subvencións previstas nominativamente nos orzamentos aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinadas expresamente no estado de gastos do orzamento.

Durante o exercicio 2026 outorgaranse as subvencións nominativas que se relacionan



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

a continuación, con indicación dos seus beneficiarios, importe e aplicación orzamentaria correspondente:

BENEFICIARIO/A		OBXECTO	IMPORTE	APLICACION ORZAMENTARIA
Asociación de Pais e nais de Bembibre	G15065774	Pola realización de actividades dos exercicios 2025	2.000,00 €	334.48000
Asociacións de pais e nais de Portomouro	G15068737	Pola realización de actividades dos exercicios 2025	1.000,00 €	334.48000
Asociación Local de Mediambiente e Caza de Val do Dubra	G15365091	Pola realización de actividades dos exercicios 2025	3.000,00 €	341.48000
Sociedade Deportiva Dubra	G15218795	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	20.000,00 €	341.48000
Clube de Fútbol veteranos Portomouro	G15357650	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2024	800,00 €	341.48000
Agrupación Deportiva Dubratambre	G15134034	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
Asociación Karate Val do Dubra	G70426069	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
		Realización de		



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Dubra Team	G70131917	actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2024	1.000,00 €	341.48000
Clube de Xadrez de Val do Dubra	G70502638	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
Clube de Petanca	G70604988	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
Avante	G15052442	Realización de actividades no ámbito da integración das persoas con diversidade funcional dos exercicios 2025	2.000,00 €	439.48000
Moto Club Val do Dubra	G15892904	Realización de actividades no ámbito da dinamización socioeconómica do Concello do exercicio 2025	500,00 €	439.48000
Asociación de Mulleres Rurais	G15415763	Realización de actividades no ámbito da dinamización socioeconómica do Concello dos exercicios 2025	1.500,00 €	439.48000
Vento Libre	G67826115	Realización de actividades medioambientais no	1.500,00 €	171.48000



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

		exercicio 2025		
Non ao vertedoiro de Niveiro	G56962517	Realización de actividades medioambientais no exercicio 2025	1.500,00 €	171.48000
TOTAL			38.800,00 €	

O instrumento para canalizar as subvencións nominativas serán os convenios.

As citadas achegas económicas faranse efectivas logo da xustificación documental da efectiva realización das actividades obxecto das subvencións nominativas, sen prexuízo do cumprimento por parte dos/das beneficiarios/as dos restantes requisitos fixados pola normativa xeral de subvencións, así como pola **Ordenanza reguladora da concesión de subvencións no Concello de Val do Dubra**. Deberase achegar, para tales efectos xustificativos, as facturas e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente (con validez no tráfico xurídico mercantil e/ou eficacia administrativas) sobre os gastos realizados en relación ás actividades obxecto da subvención, e que deberán sumar, cando menos, unha contía equivalente ao importe previsto nesta base para cada unha das subvencións nominativas (de non ser así entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e, polo tanto, esta non será aboada). Xunto ás facturas achegarase, ademais, unha memoria/xustificación das actividades desenvolvidas ou comprometidas, e respecto das que se teñan xerado os gastos acreditados.

A citada documentación xustificativa deberase presentar, nos termos sinalados, **antes do último día (incluído) do 15 de novembro do 2026**, e poderán achegarse orixinais ou copias debidamente cotexadas polo concello.

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas anteditas non requirirán dun novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución á Alcaldía, sen prexuízo da súa delegación na Xunta de Goberno Local.

A súa concesión realizarase, previa comprobación do cumprimento dos requisitos citados, mediante resolución de Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local, que terá carácter de bases reguladoras para os efectos do disposto na Lei xeral de subvencións e restante normativa aplicable ao respecto, non resultando necesaria a aprobación e formalización de convenios específicos. En todo caso, a citada resolución ou acordo deberá incluír o obxecto das subvencións, así como os restantes contidos e extremos fixados no artigo 65.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A previsión e outorgamento excepcional de subvencións nominativas distintas das que se veñen de relacionar requirirá de acordo expreso e motivado por parte do Pleno da Corporación, debendo figurar no expediente unha memoria xustificativa do carácter excepcional e singular destas subvencións, con indicación das razóns de interese



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

público, social, económico ou humanitario que as xustificarían, e resultándolles de aplicación, igualmente, as restantes normas e previsións xerais reflectidas ao respecto das subvencións nominativas contidas nesta base.(...)

Segundo. *Expoñer ao público a modificación das Bases de Execución do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2024 (resolución 02/2026, do 09.01.2026) por un prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos da presentación de reclamacións polos interesados.*

Terceiro. *Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación.*

Cuarto. *Facultar ao alcalde do Concello de Val do Dubra para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.*

Asinado dixitalmente polo alcalde Diego Luis Díaz Mendez, no Concello de Val do Dubra, na data expresada á marxe da presente proposta”.

INTERVENCIÓNS:

O Sr. alcalde comenta que é unha proposta do goberno que, como xa comentou na comisión, pretende darlle un pouco de uniformidade ao conxunto das subvencións nominativas. Comenta que as subidas foron as seguintes: a ANPA de Bembibre (de 1.600 a 2.000), ANPA de Portomouro (de 800 a 1.000), Dubrateam (de 800 a 1.000), Xadrez (de 800 a 1.000), Petanca (de 500 a 1.000), Avante (de 1.500 a 2.000) e Mulleres rurais (de 1.500 a 2.000). Tamén explica que as entidades que non xustificaron os anos anteriores non foron eliminadas e dáselle a posibilidade de optar a elas.

O Sr. Varela di que se alegran da suba, pois foi algo que xa solicitaran eles con anterioridade, pero considera que facer a suba só para algunhas das asociacións é un desprezo. Cre que habería que subir un 10% ou un 20% a todas. Di que se esquece de Dubra Tambre, da Asociación de Medio Ambiente e Caza ou Kárate. Finalmente comenta que se debería incluír a Regueifa nestas subvencións.

O Sr. Negreira di que as subidas son mínimas e que se fan en consonancia coas actividades que desenvolven. Deixa claro que non teñen nada en contra de ningunha asociación e que ademais fan un labor dinamizador moi importante para o concello. Non se modificaron as subvencións, senón que só se fixeron uns pequenos axustes.

O Sr. alcalde responde que está de acordo co de Regueifa, pero que están pendentes de actualizar estatutos e darse de alta. Di que respecta a súa opinión, pero que esta é unha proposta do goberno. Considera que el defende que as entidades deberían presentar un proxecto e, unha vez valorado, se lle outorgase unha puntuación e, consecuentemente, unha cantidade económica. Considera que sería o máis obxectivo, pois hai que recoñecer que se sube dun xeito un pouco aleatorio. Cre que o máis importante é poder conceder as subvencións e que poidan seguir dinamizando.

Rematado o debate sométese a votación a proposta antedita. O Pleno do Concello **ACORDA** por unanimidade dos concelleiros asistentes á sesión:

PRIMEIRO.- Modificar a base número 25.2 de execución do orzamento municipal do



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcaí, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2024 (resolución da alcaldía 02/2026 do 09.01.2026), para modificala contía das subvencións nominativas seguintes, por referirse a unha única anualidade, quedando redactado como segue:

(...) Base 25.2. Procedemento de concesión directa: subvencións nominativas.

Son subvencións previstas nominativamente nos orzamentos aquelas cuxo obxecto, dotación orzamentaria e beneficiario aparecen determinadas expresamente no estado de gastos do orzamento.

Durante o exercicio 2026 outorgaranse as subvencións nominativas que se relacionan a continuación, con indicación dos seus beneficiarios, importe e aplicación orzamentaria correspondente:

BENEFICIARIO/A		OBXECTO	IMPORTE	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
Asociación de Pais e nais de Bembibre	G15065774	Pola realización de actividades dos exercicios 2025	2.000,00 €	334.48000
Asociacións de pais e nais de Portomouro	G15068737	Pola realización de actividades dos exercicios 2025	1.000,00 €	334.48000
Asociación Local de Mediambiente e Caza de Val do Dubra	G15365091	Pola realización de actividades dos exercicios 2025	3.000,00 €	341.48000
Sociedade Deportiva Dubra	G15218795	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	20.000,00 €	341.48000
Clube de Fútbol veteranos Portomouro	G15357650	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2024	800,00 €	341.48000
Agrupación Deportiva Dubratambre	G15134034	Realización de actividades deportivas e de promoción do deporte e da	1.000,00 €	341.48000



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100

Rúa arcái, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Val do Dubra, naturalmente

		práctica deportiva dos exercicios 2025		
Asociacion Karate Val do Dubra	G70426069	Realizacion de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
Dubra Team	G70131917	Realizacion de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2024	1.000,00 €	341.48000
Clube de Xadrez de Val do Dubra	G70502638	Realizacion de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
Clube de Petanca	G70604988	Realizacion de actividades deportivas e de promoción do deporte e da práctica deportiva dos exercicios 2025	1.000,00 €	341.48000
Avante	G15052442	Realización de actividades no ambito da integración das persoas con diversidade funcional dos exercicios 2025	2.000,00 €	439.48000
Moto Club Val do Dubra	G15892904	Realización de actividades no ambito da dinamización socioeconómica do Concello do exercicio 2025	500,00 €	439.48000



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcái, 41 – Bembibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

Asociación de Mulleres Rurais	G15415763	Realización de actividades no ámbito da dinamización socioeconómica do Concello dos exercicios 2025	1.500,00 €	439.48000
Vento Libre	G67826115	Realización de actividades medioambientais no exercicio 2025	1.500,00 €	171.48000
Non ao vertedoiro de Niveiro	G56962517	Realización de actividades medioambientais no exercicio 2025	1.500,00 €	171.48000
TOTAL		38.800,00 €		

O instrumento para canalizar as subvencións nominativas serán os convenios.

As citadas achegas económicas faranse efectivas logo da xustificación documental da efectiva realización das actividades obxecto das subvencións nominativas, sen prexuízo do cumprimento por parte dos/das beneficiarios/as dos restantes requisitos fixados pola normativa xeral de subvencións, así como pola **Ordenanza reguladora da concesión de subvencións no Concello de Val do Dubra**. Deberase achegar, para tales efectos xustificativos, as facturas e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente (con validez no tráfico xurídico mercantil e/ou eficacia administrativas) sobre os gastos realizados en relación ás actividades obxecto da subvención, e que deberán sumar, cando menos, unha contía equivalente ao importe previsto nesta base para cada unha das subvencións nominativas (de non ser así entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e, polo tanto, esta non será aboada). Xunto ás facturas achegarase, ademais, unha memoria/xustificación das actividades desenvolvidas ou comprometidas, e respecto das que se teñan xerado os gastos acreditados.

A citada documentación xustificativa deberase presentar, nos termos sinalados, **antes do último día (incluído) do 15 de novembro do 2026**, e poderán achegarse orixinais ou copias debidamente cotexadas polo concello.

A tramitación dos expedientes de gasto relativos ás subvencións nominativas anteditas non requirirán dun novo acordo do Pleno da Corporación, correspondendo a súa resolución á Alcaldía, sen prexuízo da súa delegación na Xunta de Goberno Local.

A súa concesión realizarase, previa comprobación do cumprimento dos requisitos citados, mediante resolución de Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local, que terá carácter de bases reguladoras para os efectos do disposto na Lei xeral de



CONCELLO DE VAL DO DUBRA (A Coruña)

R.E.L.N.º 0115888 – C.I.F. P-1508900-F Teléf. 981889000 – Fax 981889100
Rúa arcai, 41 – Bemibre – C.P. 15873 – E-mail: correo@valdodubra.gal

subvencións e restante normativa aplicable ao respecto, non resultando necesaria a aprobación e formalización de convenios específicos. En todo caso, a citada resolución ou acordo deberá incluír o obxecto das subvencións, así como os restantes contidos e extremos fixados no artigo 65.3 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A previsión e outorgamento excepcional de subvencións nominativas distintas das que se veñen de relacionar requirirá de acordo expreso e motivado por parte do Pleno da Corporación, debendo figurar no expediente unha memoria xustificativa do carácter excepcional e singular destas subvencións, con indicación das razóns de interese público, social, económico ou humanitario que as xustificarian, e resultándolles de aplicación, igualmente, as restantes normas e previsións xerais reflectidas ao respecto das subvencións nominativas contidas nesta base.(...)

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación das Bases de Execución do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2024 (resolución 02/2026, do 09.01.2026) por un prazo de 15 días hábiles, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos da presentación de reclamacións polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente ningunha reclamación.

CUARTO.- Facultar ao alcalde do Concello de Val do Dubra para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E para que conste, asino o presente certificado co visto e praxe do alcalde, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e praxe do alcalde.

CONCELLO DE VAL DO DUBRA, asinado dixitalmente

O secretario-interventor, Ricardo Garrido Caneda

Visto e praxe,

O alcalde, Diego Luís Díaz Méndez